C. Carballal

IRIMIA

imos facendo memoria: recobrando o ser galego que esquecimos.
imos sementando patria: man con man inxertandos entre os veciños.
imos facendo outra historia. a favor dos rebaixados e oprimidos.

SEMANARIO DE CRENTES GALEGOS | II Epoca | N.º 221, 2 Marzo 1986 - 5 Pesos

X. Lobato

Os pescadores ea CEE

Tamen

— ¿Como vivian os primeiros cristians?
— Autoprotección familiar e domiciliaria
— Entrega de leite en común, na provincia de lugo, hoxe
— A pesca ante a Comunidade Económica Europea desde xaneiro de 1986
— OTAN, se quere-la paz, non prepare-la guerra
— Camiño

O punto Filipino

Coincidindo co pasado entroido os cidadáns de todo o mundo chamado civilizado fomos espectadores dun crudel baile de máscaras no arquipélago filipino.

O dictador Marcos botou man de novo dos seus métodos favoritos: a violencia, o fraude, o terror e a morte. E así conseguíu o imposible: gañar unha eleccións nas que saía como craro perdedor.

Non chegou con asasinar ó líder da oposición, Benigno Aquino, o mesmo día no que pisóu de volta a súa terra; nin abondou con que todos nos enterásemos de que o pasado heroico do que se gababa como guerrilleiro-libertador resultou ser un enorme fraude e que a verdade era que foi un traidor ó servicio dos xaponeses;...

Nada foi abondo para botar ó criminal Marcos, nin o seu pasado escuro, nin o seu governar tiránico, nin o seu xogar suxo. Fixo trampa e quedou como vencedor.

O embeleño é agora para a administración Reagan. Antes das eleccións non quería apostar polo cabalo perdedor, que era Marcos, e mesmo o desacreditou sacando á luz uns documentos que demostraban a mentira noxenta encol da que estaba montada a súa historia de héroi nacional. Tamén daquela houbo unha forte campaña sobre a opinión pública Norteamericana denunciando as enormes inversións mobiliarias da familia Marcos nos EE.UU.

¿Pero, e despois das eleccións?. **Marcos demostrou que segue a ser o "mais forte" da selva Filipina.** *E a Reagan non lle quedou outra saída que se quita-la carouta. Por iso fixo declaracións tan "oportunas" como estas: "Non hai evidencia de fraude"; "tanto pode habelo dun lado como do outro"; "o governo Norteamericano é neutral"; "a nós só nos importa que sexan respetadas as bases Norteamericanas no arquipélago".*

(Segue a volta)

E mira ti que, sen que sirva de precedente, escoitámoslle ó Sr. **Reagan** *dicir unha grande verdade: en definitiva* **o que importa son as bases e os intereses deles.**

Isto recórdanos aquel "asunto interno" como foi descrito por eles o asunto de Tejero.

Isto recórdanos o que non esquencemos nin por descuido: Que **a OTAN é un club militar de diversos países ó servicio dos intereses Norteamericanos,** *ó servicio de ese predominio que os acordos de Yalta despois da segunda guerra mundial deron ós Estados Unidos sobre medio mundo.*

Aí está o punto Filipino: Nin OTAN, nin bases.

O DIA INTERNACIONAL DA MULLER; o oito de marzo, é celebrado de moitos xeitos... Por unha banda, temos que pensar no moito que hai que facer para que de verdade haxa igualdade para a muller: no traballo, na política, na relixión, na cultura; tamén temos que lembrar o papel da muller na loita pola libertade, por exempro, as que tiveron que exiliarse...

MARUXA MALLO, a pintora de Viveiro, que hai agora medio século, polo comenzo da Guerra Civil, tivo que escapar da nosa terra, e vivéu un longo exilio en América, é lembrada xunto con outras mulleres... naqueles tempos foí a primeira pintora surrealista, e loitaba, codo a codo, con García Lorca, Alberti, Neruda, Ortega y Gasset, Buñuel, Dieste... Agora vive en Madrid, despois de facer exposicións en moitos países do mundo.

QUE A MULLER TRABALLA O DOBLE que o home, moitas veces, é ben sabido nas nosas aldeas: ama de casa, as vacas, os nenos...; e isto en moitos recunchos do mundo. Máis as mulleres do mundo só reciben unha décima parte dos ingresos, e teñen menos da centésima parte da propiedade mundial. E como o seu traballo cotidián non é pagado, as mulleres están subvencionando unha boa parte do producto nacional bruto.

"CHOVE CONTRA PASADO" é o nome dun dos videos da última fornada. O autor é Antón Reixa, poeta, músico de "Os Resentidos" e creador de fermosos videos... O tema é unha muller, que ben pode servirnos de modelo: Rosalía de Castro, trasplantada á Galicia de hoxe. No video segue sendo un dos eidos culturais nos que Galicia ocupa a cabeceira.

O DIA DA CLASE OBREIRA GALEGA, 10 de marzo, lembramos o mesmo día do ano setenta e dous, cando morrían víctimas da represión da dictadura os obreiros Amador Rei e Daniel Niebla. Aquel ano supuxo un paso adiante no mundo

obreiro galego, sobor de todo coas folgas do Ferrol e Vigo... Os obreiros atoparon a solidaridade dos estudiantes e dun amplo sector da Igrexa.

A FESTA DE SAN ROSENDO (o primeiro de marzo) lémbranos aquel bispo monxe do século décimo (907-977), que despois de dirixir ós bispados de Mondoñedo e Iria Flavia, retiroúse ó Mosteiro de Celanova que él fundara.

O XXVII CONGRESO DO PARTIDO COMUNISTA DA URSS ten lugar nestes días, e aínda que se mostra un cambeo, por exempro, coa liberación do disidente Charanski, os dereitos do home non son sempre respetados, e hai centos de persoas que están na cadea ou obrigados a traballos porque pensan distinto co Partido.

EQUIPOS DE PASTORAL SANITARIA parroquial é un dos obxectivos dunhas xornadas desta especialidade no labor da Igrexa, que terán lugar en Compostela, os días once e doce deste mes. A atención ós enfermos, nacida dunha xenerosidade e solidaridade cos homes, debe ser unha das actividades fundamentais das Igrexas locais ou comunidades.

A "ASOCIACION GALEGA DE PRODUCTORES DE LEITE" ven de ser constituída en Santiago. Unha boa tarefa para o noso agro, sobor de todo desde que se entrou na Comunidade Europea, polas moitas trabas e competitividade que agora ten o leite das nosas explotacións.

Manolo Regal
Ramón D. Raña

CHAMADOS PARA DAR FROITO

Estás chamado para dar froito.
Non podes ocupar un sitio
e logo non producir nada.

Na Igrexa de Deus
hai moitos sitios ocupados.
Na Igrexa de Deus
hai moitos cristiáns bautizados
que logo non dan froito.

Non se pode estar na comunidade
aproveitándose do rendemento alleo.
Moito ou pouco, hai que rendir.

O perdón de Deus
non é garantía de preguiceiros.
O que non fai o que debe facer
deixa un oco na súa vida
que ninguén poderá encher.
¡Nin Deus!

O que non aporta o que debe aportar
deixa un baleiro na súa comunidade
que ninguén poderá cubrir.
¡Nin Deus!

O que non aporta o que debe aportar
deixa un baleiro na súa comunidade
que ninguén poderá cubrir.
¡Nin Deus!

A vida persoal,
a vida comunitaria
a historia dos pobos
non se realiza a golpe de milagres.

Traballa seriamente,
aproveita o tempo e as oportunidades,
responsabilízate da túa tarefa.

Porque as túas mans
son as mans que Deus tén
para reface-la túa vida
e a vida do mundo no que vives.



BOA NOVA

Domingo 3.º de Coresma

PARABOLA DA FIGUEIRA

Naquel momento presentáronse a Xesús algúns para contarlle o caso aquel de cando Pilato misturara o sangue duns galileus co dos sacrificios que ofrecían. El respondeulles.

— ¿Coidades que eses galileus eran máis pecadores que os demais, porque acabaron así? Nin falar, e asegúrovos que, se non vos arrepentides, todos acabaredes igual. E aqueles dezaioto que morreron esmagados pola torre de Siloé, ¿coidades que eran máis culpables que os demais habitantes de Xerusalén? Nin falar, e asegúrovos que, se non vos arrepentides, todos acabaredes igual.

E propúxolles esta parábola:

— Un home tiña unha figueira plantada na súa viña; foi ver se tiña figos, e non os topou. Díxolle ó viñateiro: "xa hai tres anos que veño buscar froito a esta figueira, e non o atopo. Córtaa, ¿para que vai cansar máis a terra?" El respondeulle:

— "Señor, déixaa aínda un ano máis; mentres tanto eu cavarei ó seu redor e botareille esterco; a ver se dá froito...; e, se non, pódela cortar".

(Lucas 13,1-9)

UNHA CHAMADA O CAMBIO

Todos sentímo-la necesidade de cambiar en moitísimas cousas, pero non nos atrevemos. Dános medo. Sentímonos impotentes. Constatamos cada día que as cousas non deben seguir así, que non nos leva a ningures o camiño do egoismo, do sálvese quen poida, do acaparar máis ca ninguén... sen embargo preferimos seguir entrampados e non cambiar.

SE NON CAMBIADES, MORREREDES TODOS DA MESMA MANEIRA

É posible, pero difícil que se dea a conversión individual nun marco de pecado colectivo, nunha estructura de pecado. Non é doado domina-lo imperio do mal desde unha postura personal. Decirlle a un rapaz que deixe a droga está ben, pero ás veces entraña unha grandísima simpleza, unha falta de realismo e de análise de cómo se move a sociedade.

Os camiños que collemos lévannos a un atolladeiro, non teñen saída. ¿Será posible poñerlle outras bases, outros valores, á sociedade? ¿Ou somente serán posibles conversións individualizadas ós plantexamentos de Xesús dentro dun mundo de pecado?.

¿Como vivian os primeiros cristiáns?

Hoxe temos xa ben sensibilidade cara á **unha Igrexa que sexa comunidade.** Esta palabra **"COMUNIDADE"** anda en boca dos crentes máis conscientes. E por iso, coido que nos preguntan cómo vivían os primeiros cristiáns.

DIFERENTES COMUNIDADES

Non podemos falar dunha soa comunidade cristiana, nin dun só xeito de ser dentro das primeiras comunidades cristianas. Había moita diversidade. Esta diversidade debíase ós diferentes ambientes en que vivían os primeiros cristiáns e as diferentes culturas e mentalidades que tiñan: había **un pluralismo grande.**

Coñecemos **Comunidades cristianas xudias,** coma a de Xerusalén. Estas comunidades vivían en Palestina, eran de raza e cultura xudía, creían en Cristo pero combinaban a sua fe coa relixión xudía, seguían asistindo ó Templo, rezando coma os xudíos e cumplían a Lei de Moisés ó mellor que podían (circuncidábanse, ouservaban as normas sobre os alimentos que podían comer..., etc.) O Evanxelio de Mateo foi escrito neste ambiente, por iso dí que hai que cumpli-la Lei con coidado (Mt 5,17-19).

Coñecemos **Comunidades xudeo-helenistas.** Son comunidades de xente xudía, convertida ó cristianismo, que vivía en ambientes gregos e fora educada coma os gregos, máis aberta de mentalidade, pasaba de moitas normas dos xudíos palestinenses e sabía convivir coas outras ideas relixiosas. Unhas veces estas comunidades eran máis xudías ca gregas (exemplo ANTIOQUIA), outras eran máis gregas ca xudías (exemplo EFESO).

Por fin tamén coñecemos **Comunidades gregas** (exemplo CORINTO). Eran comunidades de xente convertida ó cristianismo que viñan da cultura grega, afeita a ter moitos deuses na sua cidade, sin comprendelos ben, téndolles medo e moi desorientados. Nunha comunidade grega, escribiuse o Evanxelio de Lucas.

TRES CARACTERISTICAS FUNDAMENTAIS

No Libro dos Feitos (2,42-47 e 4,32-37) atopamos unha radiografía do que debería ser unha comunidade cristiana. Certo que é unha imaxe un tanto ideal, pero sen dúbida reflexaba características comúns nas diversas comunidades cristianas fosen do xeito que fosen.

Un anuncio común: Xesús resucitou. Este anuncio constituía a mesma fe de tódalas comunidades; os testigos eran os discípulos que estiveran con Xesús, e este anuncio era a **boa nova** que espallaban; nel poñían toda a sua esperanza,

A Comunidade xuntábase para expresar a sua comunión e a comunión con Xesús

tamén eles agardaban resucitar co seu Señor, esto mantíñaos despertos e animosos por riba das persecucións.

- **Un mesmo xeito de vivir: comparti-los bens.** Sentíanse irmáns, e buscaban axudar a quen non tiña. Este senso de comunidade non levaba á unha vida en común coma os frades, pero sí levaba ter un mesmo corazón e un mesmo espírito.

Sabemos de persoas que vendian os bens para repartir cos pobres, e sabemos tamén de colectas feitas para axudar ás comunidades máis necesitadas.

- **Unha celebración especial: a FRACCION DO PAN.** Aínda as comunidades xudeo-cristianas que seguían afeitas ó Templo, tiñan a sua celebración propia: era a **Cea do Señor,** nela expresaban a súa comunión co Señor Resucitado que seguía vivo entre eles naquel anaco de pan e naquela copa de viño, realizaban a comunión fraterna entre os membros da comunidade, e significaban a participación no "banquete celeste" que Xesús lles prometera.

¿E HOXE EN DIA?

Cadaquén saberá. A mensaxe da Resurrección ten pouca forza entre nós. A comunidade de vida e reparto de bens, apenas se deixa ver. A Cea do Señor pérdese en formas pouco intelixibles e sen a alegría da festa.

Pero os textos dos primeiros cristiáns seguen ahí, podemos voltar onda eles. Son sempre unha chamada e un reto á conversión.

CONSULTAS A:
Movemento Bíblico Diocesano Apdo. 36 - 27080-LUGO

Autoprotección familiar e domiciliaria

O gas

O emprego de gas en usos domésticos resulta cómodo, limpo e económico en relación con outras fontes de enerxía; pero é necesario ter coidado coa instalación e funcionamento dos aparatos que utilizan calquera tipo de gas, en prevención de accidentes que poden ocurrir por unha mala manipulación ou descuido.

Os gases que se empregan normalmente son de **dous tipos:**

— Gases con maior densidade que o aire: **butano** (2,1) e **propano** (1,6).

— Gases con menor densidade que o aire: gas cidade (0,5) e **gas natural** (0,6).

Os **primeiros,** tenden a situarse nos niveis baixos, sótanos, pozos, caixas de ascensor, etc. polo, que compre ter unha boa ventilación nas partes inferiores para alonxar o risco que leva a acumulación deste tipo de gases.

Os **segundos,** tenden a subir cara ás capas altas, extendéndose nelas; por isto a ventilación ten que estar na parte superior das habitacións, nas fenestras, etc.

Precaucións

A primeira medida de precaución é que a **instalación** de aparellos que funcionan con gas, sexa feita por persoal técnico autorizado.

O instalador deberá verificar os aparellos consumidores dende que estén en condicións de funcionar.

Todo aparello deberá ir acompañado dun caderno de instruccións no que se sinalen, amén das de funcionamento, as instruccións propias á sua instalación e ventilación.

— Prender un misto, chisqueiro, etc. **antes de abri-la chave de paso** de gas ós queimadores.

— Ter sempre ben **limpos os queimadores** e os seus buratiños.

— O **tubo de unión** da cañería fixa ou da botella do gas coa cociña debe ser de goma vulcanizada, de boa calidade, debendo renovarse este tubo en canto deixe de ter unha boa flexibilidade.

— **Evitar que o derrame de líquidos apaque a chama** da cociña e o gas siga saíndo. Isto consiguese non enchendo moito os recipientes, e percurando que a chama non vaia máis alá do fondo dos mesmos.

— Dispor dunha **boa ventilación** na cociña ou aspiración de fumes, pero de xeito que non se dean correntes de aire que poidan apaga-la chama e que o gas siga saíndo sen queimarse.

— Se se ten **botella de reserva,** ha estar en lugar ventilado, balcón... e gardala sempre de pé.

— Se cheira a gas, é que hai **fuxidas.** Nese caso, non se deben prender mistos, chisqueiros, etc.., nin tampouco luz eléctrica.

Se hai fuxidas, comprobalo pechando a chave da cociña onde queima o gas; abri-la chave da válvula da botella e con espuma de xabón aplica-la á válvula, e tubo de unión de tódala sua lonxitude en tódalas unións; se en algún punto atópanse burbullas, é que hai fuxida, e por isto hai que pecha-la válvula da botella e avisar ó suministrador para que revise a instalación.

— **No cambio de botellas** non fumar nin prender chamas.

— As **botellas valeiras** deben ter as suas chaves ben pechadas;

— Para **apagar** unha cociña ou unha botella destes gases, pódense empregar farrapos húmedos ou area, percurando ó mesmo tempo pecha-la chave ou a válvula.



MOI IMPORTANTE

Mirar a miudo se os tubos ou gomas que levan o gas están ben colocados. Cambia-las gomas que teñan fendeduras ou que deron de sí nas conexións.

Para usa-la cociña de gas, seguer sempre este orde:

1.- Abri-la chave xeral

2.- Prende-lo misto e acerca-lo ó queimador.

3.- Abri-la chave do queimador que queremos prender.

4.- Pechar ben a chave do queimador ó remate de cociñar.

VICTOR (Integrante da II Zona REMER DO SERVICIO DE PROTECCION CIVIL)

Entrega de leite en común, na provincia de Lugo, hoxe

O pasado día 31 de Xaneiro, no salón de actos da Caixa Rural de Lugo, celebrouse unha reunión convocada polo "Grupo Técnico de Apoio ós grupos de venta en común de leite da provincia". Asistiron á representación 20 agrupaciones que representan a mais de 2.500 explotacións familiares que estan hoxe a producir por riba dos 200.000 litros/día.

A maioria dos productores asociados venden o leite enfriado

Características dos distintos grupos

A maioría dos grupos non están constituidos en sociedadès con personalidade xurídica, é decir, son agrupacions de carácter informal. Na reunión chegouse á conclusión de que debían constituirse como cooperativas de comercialización, en común; e aquelas que reunan as condicións, chegar no futuro a constituirse en cooperativas calificadas como APAS de comercialización, para poder beneficiarse das axudas que a Administración ten previstas para este tipo de sociedades. O grupo técnico facilitou a documentación que se necesita para dar estes pasos, como xa teñen feito, nun ou noutro senso: Chataca, O Caxigo, Fricoaga, Mondigoleite, Terra Cha, Pol, etc.

Tódolos grupos teñen feitos contratos de venta en común do leite, teñen o gando saneado e venden leite frio na maioría dos casos, poñéndose de manifesto que moitas explotacións non poden enfriar o leite, debido á falta de potencia eléctrica.

Explicouse as esixencias da Orde publicada no BOE do 8-1-86 para que os contratos agrarios sexan homologados, así como as distintas condicións dos contratos hoxe existentes.

Proxectos

■ Para abordar dun xeito organizado a **venta en común** do leite: **Contratos** homoxéneos; **Control da calidade** do leite pola interprofesional; Establecemento de **laboratorios operativos** na provincia, etc.

■ Acordouse promover e constituir unha **Asociación de Productores de leite,** a partir destas agrupacións e aberta ás explotacións familiares que, con esta orientación productiva, queiran no futuro formar parte dela.

Para facer esta asociación designaronse os representantes que elaborarán os estatutos nunha reunión a celebrar en Villalba o día 14 de Febreiro.

■ Os **fins desta asociación,** entre outros, acordouse que serían:

— A **representación,** defensa e fomento dos lexítimos intereses profesionais dos asociados.

— Contribuir á mellora das explotacións gandeiras dos asociados, mediante a **elevación técnica, económica e social** dos mesmos a través de cursos, estudos, xornadas técnicas e/ou edi-

(Ven da pax. anterior)

tando boletins, revistas e demais medios lícitos.

— Asegurar a representación dos asociados **ante os poderes públicos, organizacións sindicais, empresas e demais sectores** económicos, e en xeral ante calquera outra organización nacional ou internacional, que sirva de canle para mellorar a defensa dos seus intereses profesionais, podendo establecer acordos, convenios ou colaboracións que permita a lei.

— Establecer **relacións con outras agrupacións análogas** a fin de coordinar con elas as oportunas accións tendentes ó mellor cumplimento dos fins desta asociación.

— Promover ante os asociados a **constitución de sociedades** (Cooperativas, SAT ou outras) que poidan desenvolver actividades económicas comerciais e industriais, así como a creación doutros servicios que se consideren convintes para a promoción e mellor defensa dos seus intereses.

— **Asesorar e informar** tanto ás Administracións públicas como privadas así como ós membros da Asociación, daquelas situacións que poidan afectar económica ou socialmente ó sector, realizando os informes e propostas oportunas.

— Realizar a **xestión de estímulos e compromisos convintes das** Administracións publicas ou privadas, así como colaborar na coordinación ou actuación conxunta para o mellor desenvolvemento e ordenación das gandeirias dos asociados.

— **Organizar,** dentro de canles legais, **núcleos de control leiteiro,** entre os asociados, co fin de crear os Rexitros correspondientes que permitan a inscripción nos mesmos do gando selecto das distintas castes de vacuno leiteiro, e poder chegar a ter as correspondentes cartas xenealóxicas, e/ou adherirse a outras asociacións que con este fin funcionen a calquer nivel territorial ou ámeto xeográfico.

Como se ve, os cimentos da comercialización en común do leite, na nosa provincia están botados. Hai que facer a casa.

Antonio Fernández Oca

O Calvario de Toques, ¿estará seguro?

— ¡Como!, ¿é que non coñeces o calvario de Toques?

Esto díxome hai uns anos, en Compostela, un galeguista. Non, non o coñecía. Pero sabía eu, por lidas e fotos, do seu mérito. Xa se sabe: medieval, de madeira, policromado.

Non hai moito cheguei ao pé da igrexa de Santa María da Capela, que así pon no seu exterior. pero estaba pechada. O edificio mesmo, tamén medieval, restaurado, merece unha visita; tamén pola súa ubicación, aillada, nun sitio alto; pola súa veira, falangueiro, baixa un río. Ver un monumento só por fóra é como quedar a media merenda; máis aínda se se trata deste de San Antolín de Toques.

Días pasados, por fin, puiden ver o interior.

Abriunos o crego.

A todo esto eu tiña a idea de que estas figuras do calvario terían un tamaño pequeno, como para poder collelas e levalas de acó para aló, pero sen ánimo de roubo, ¿eh?. Pero, e nesto foi a sorpresa, qué tamaño teñen: ¡humano!. Cristo crucificado, Santa María e máis San Xoán Evanxelista aí estan sobre o arco triunfal, merecentes asimesmo, desde logo, e ante todo pola súa beleza pero tamén polo grandes que son, de que un vaia ata toques desde calquera punto de Galicia só para velos.

Agora ben, ¿estará segura esta igrexa?. Os roubos nos templos da Terra de Melide están a se producir ultimamente. Vin que o crego abría e pechaba, cunha chave grande, unha porta, eso si nova, pero normal.

— ¡Como!, ¿é que non...?
— Xa o coñezo, ho; ti tranquilo.

Brais da Bouza

A pesca ante a Comunidade Económica Europea desde xaneiro de 1986

Como de todos é sabido, desde xaneiro do 86, España forma parte, para ben e para mal, das estructuras comerciais de Europa. Un dos seitores afectados é a pesca.

Os galegos e os vascos, desde fai moitos anos, viñan faenando nas augas comunitarias, dentro das 200 millas, baixo un réxime de licencias, que pouco a pouco o foron rebaixando, ata quedarse nun número cuase ridículo, según a vontade dos dez membros e nacións que formaban a CEE.

O reparto do pastel

Os caladeiros mais ricos están pretos das augas de Francia, Reino Unido e Irlanda, chamados "Pequeno Sol" e "Grande Sol", polo que estas nacións foron as mais duras o tempo de negociar a nosa participación no reparto dese rico pastel. Despois de longas disensións, chegouse ó acordo de que so podían estar faenando 150. Isto podía ser viabel sempre que non lles puxeran tasa de capturas. Mais isto no foi así: no longo dun ano so poden pescar 18.000 Tm. de merluza e pouco mais doutras especies, o que é insuficiente para cobrir uns mínimos de rentabilidade, pois esa tonelaxe tenlles para menos de seis meses de traballo ¿E qué fan os outros seis meses?.

X Lobato

Os pescadores defenden as suas cofradias

As "Organizacións de Productores"

Outro problema ou esixencia que a integración troixo, foi a creación das chamadas **"Organizacións de Productores"**. ¿Qué veñen a ser estas Organizacións?. Como o nome xa indica, enténdese por tales, toda organización recoñecida, feita po-la iniciativa dos productores -neste caso polos pescadores-co fin de recadar as medidas necesarias para o exercicio racional da pesca e a mellora das condicións da venta da mesma.

Estas medidas levan consigo a posta en práctica duns plans de capturas, da concentración da oferta, e da regularización dos precios, facendo pasar ó traveso da organización toda a pesca, e facendo comprir, en materia de producción e comercialización, as reglas tidas en conta pola devandita organización.

¿E as Cofradías de Pescadores?

Se ben recordan os lectores fai meses fixen un artículo sobre das Cofradía de Pescadores, no que siñalába que estas xa fai nove séculos que veñen facendo iso mesmo e moito mais, como é defender os homes do mar a elas asociados, de todo-los pillos de turno que os quixeron manipular e esplotar.

Podemos preguntar ¿Entón por qué facer algo novo cando en España xa había estes organismos tan vellos e que tan ben o fixeron?. Iso habería que preguntarllo os nosos gobernantes, que dun xeito ou doutro, queren acabar cas Cofradías de Pescadores, cousa difícil e cuase imposibel, dado o arraigo destas institucións nos homes do mar. Hai un feito importante a ter en conta: os europeus que viñeron a ver o noso sistema, foron admirados do que xa tíñamos e que eles nunca soñaron, chegando a engadir que íamos moi por diante de-les neste xeito de cousas. Mais como temos que bailar o xeito da música que nos tocan, as Cofradías de Pescadores da provincia de Lugo xa nos unimos para facer a primeira **Organización de Productores** de España, prestos a facer o que esas devanditas Organizacións fan, poi xa estamos afeitos a facelo de toda a vida.

Vicente Gradaille Trobo
Patrón Maior da Cofradía de Pescadores de Celeiro - Lugo

SE QUERES LER IRIMIA ¡SUSCRÍBETE!

Quero suscribirme ó Semanario IRIMIA:

Por un ano ☐ **Ata nova orde** ☐

Pagarei por:

☐ **Transferencia á Caixa de Aforros de Galicia: Vilalba, Conta n. 04950/0**

☐ **Correo contra Reembolso (máis caro e molesto ca transferencia)**

Precio da suscripción

- Suscripción por un ano — 1.300 pts.
- Suscripción real 1.800
- Suscripción de apoio — 2.000 pts.

Nome.....

Rúa ou Parroquia.....

Vila ou Axuntamento.....**Provincia**.....

Recorta e envíanos a: IRIMIA, Apdo. 5, Vilalba (Lugo)

OTAN, se quere-la paz, non prepare-la guerra

A estas alturas o lector terá oído xa toda unha chea de razóns a favor da permanencia na OTAN, e outras tantas -coidamos que máis fundadas- en **contra desa permanencia na OTAN** ou **Alianza Atlántica, que é o mesmo.** Vai chegando o momento de situa-la decisión e ir escollendo o SI ou o NON para a consulta que nos vai face-lo goberno socialista.

"Si vis pacem, para bellum" (Se quére-la paz, prepara a guerra

Este é un dito latino moi vello, do tempo no que os romanos mandaban no mundo así chamado "civilizado". Os romanos eran, como os americanos e os rusos hoxe, un pobo imperialista, dominador e guerreiro; polo tanto íalles moi ben eso de prepara-la guerra para mante-la paz; como podían prepara-la guerra con potencia, podían tamén disfrutar de paz asoballando ó menos potente. Con todo, estiveron pelexando sempre. Ata que a súa filosofía guerreira os levou á propia desfeita.

Pois esa mesma filosofía guerreira



é a que na actualidade queren utilizalos países "civilizados" dos bloques militares. (OTAN - Pacto de Varsovia), e nesa filosofía guerreira queren facer entrar ó resto dos países. Os españois podemos escoller agora entre esa filosofía e a contraria que podería resumirse tamén no dito: "Se quére-la paz, **non** prepáre-la guerra"

"Se quére-la paz, non prepáre-la guerra"

Ós representantes da filosofía guerreira esto pareceralles unha parvada.

Pero, fíxense vostedes e díganme. ¿Que lles parecería se entre dous veciños da súa parroquia, que non se levan aló moi ben, nin se fían moito un do outro, se establecese o seguinte diálogo:

— Casa do Roque: Non sei se os de cas Lamela me quererán ben. Vou mercar unha pistola, por se acaso.

— Casa Lamela: Os de cas Roque andan tramando algo; vou traer un rifle de longa distancia.

— Casa do Roque: Vinlles un rifle de longa distancia ós de cas Lamela; vou mercar un bo lanzagranadas.

— Casa Lamela: E urxente facerse cun cañón do 33, porque os de cas Roque ...

De tolos, ¿nonsi? Pois así de disparatado é o proceso guerreiro e armamentista entre OTAN e Pacto de Varsovia. E tan no allo estamos metidos, que nos parece normal e lóxico. En definitiva, trátase de querer organiza-la convivencia entre os países sobre o fundamento inhumano do medo mutuo. ¡Pobre sociedade!. ¡E que nos digan que non se pode soñar noutra mellor!.

Manolo Regal

FICHAS DE NATUREZA - *A curuxa das xunqueiras* - 5

(Asio flammeus)

Matilde Vázquez
Pablo Rodríguez ("Oitabén")
Primitivo Iglesias

EN GALEGO.- Curuxa das xunqueiras

EN CASTELAN.- Lechuza campestre

PESO.- 300 - 500 g.

ENVERGADURA.- 90 - 110 cm

LONGO.- 34 - 42 cm...

HABITA EN.- Monte raso, lagoas, soutos e pradeiras

PRESAS.- Ratos, toupas, leirós, aves de pequeno tamaño e insectos en xeral.

SITUACION EN GALICIA.- Ven pasa-lo inverno, pero non cría no noso chan.

Consultas: Seminario de Ciencias Naturais - Universidade Laboral - Ourense



Enviade as vosas cartas a:

Victorino Pérez
LAGOA - Abadín (Lugo)

Apuntes psiquiátricos sobre o Páramo e parte de Paradela

Quixera dar a miña opinión sobre o que está a ocorrer nas cabezas de moitos viciños de Páramo e parte de Paradela...

Hai algún tempo (uns dous anos), saía na prensa a noticia de que un rapaz de Caraba (Ferreiros-Paradela) quería ir ver ao Papa. A cousa para moitos quedaba en que o rapaz estaba tolo; pero agora hai outro que quer ir ver ao rei, ao bispo de Sevilla, a Felipe González, etc. Está tolo?. Evidentemente está tolo; pero non se podería curar a ista xente?. Pois eu creo que sí, i ate creo que a cousa non é totalmente difícil; pensemos senón un pouco: Os concellos de Páramo e Paradela non gastan nada (ou cáseque nada) en aitos culturais que non sexan as españolistas elitistas "Feiras e festas da primavera" no Páramo e as cada vez menos populares e españolizadas festas "Das Dores" en Pacios (Paradela). Traballo non hai. As manifestacións culturais e sociais como poidan ser as feiras, están caseque desaparecendo... para facerse "respeitar" compre andar colgado de quen ten o poder e, por suposto, será reprimido quen defenda os intereses populares. Aí está o caso da agrupación cultural "Lume Novo" a quen lle negan un local por se opoñer á desfeita do Campo da Feira. Pode, se o miramos con certa profundidade, resultar lóxico que esta xente queira ir a Roma ou Madrid buscar apoio. Se o viciño vai ben por ser amigo do alcalde, eu teño que buscar apoio máis alto. Isto é lóxico nunha sociedade competitiva e, coido, que aquiles que fagan xusticia contra os alcaldes tiránicos de Paradela e O Páramo farán unha importante laboura de psiquiatría... As mozas coméntanme o ben que estivo "Dallas" e aínda máis, "que mágoa que non poñan "Dinastía" á noite porque pola mañán non hai tanto tempo para vela"... En fin, cousas dunha sociedade competitiva, chea de televisión... non hai postos de traballo, non hai nada en que pasar o tempo libre, o agro está cheo de problemas e os nosos alcaldes soio pensan en lamboadas e en obras de dubidoso interés (por exemplo a construcción dun supermercado privado en terreo público)...

Xesús López Gaioso. O Páramo

NOTA: Publicamos soamente algúns anacos da carta por mor da súa extensión.

A.- DATOS XERAIS

E a máis diurna das rapiñas noiteiras. En Galicia, coma no resto da Península, tan só pasa o inverno, emigrando a países máis ó norte para se reproducir. Só se sabe dun caso de niñificación na Península, no ano 1962, e no delta do Ebro.

O debuxo da ficha é tomado do natural e corresponde a un exemplar recuperado por nós e devolto á Natureza, logo dun ano de convalecencia.

Por regra xeral fai o niño no chan, onde pón de 4 a 14 ovos, de finais de marzo a xuño. A incubación dura entre 25 e 30 días.

B.- TECNICAS DE CAZA

A diferencia do resto das noiteiras, caza polo día e maiormente ó solpor, combinando voo batido con planeos. A localización visual das presas é decisiva.

C.- ANECDOTARIO

Cando o exemplar da ficha foi devolto á liberdade, acompañounos o cazador que a ferira nunha ala. Alí, na Serra de San Mamede, preto de Verín (Ourense), aquel home prometeu que endexamais dispararía contra unha especie protexida. E, desde entón, el é un gran defensor da nosa fauna.

D.- ACTIVIDADES

1.- Dos tres esquemas, ¿Cal corresponde a curuxa das xunqueiras?.

2.- Coloréalle os ollos.

3.- Tenta localizalas á beira dos regatos, en soutos, salgueiradas,...

4.- ¿Coñecela por algún outro nome en galego?. ¿Cal?



Camiño

Marchou cedo. Ainda non cantara o galo cando ouvíu os seus pasos baixando pola rúa. Ela poido ver tras da fenestra a súa sombra que se deslizaba paseniña por entre as casas. O eco de cada paso íalle ferindo a alma: tres, catro, cinco... xa estaba lonxe. A noite era testemuña da súa tristura, a noite e as casas, e ela mesma. Mais él dixo que voltaría. Que viría rico e logo xa nada, nin ese océano de soedade e inxusticia os separaría endexamais. E ela seguía sempre así. Os días foron anos na eternidade da súa espera. Ata a tardiña sentábase nunha cadeira ó carón da fenestra desde a que se vía a rúa que o alonzara un día. Logo, cando xa o sol se agachaba tras dos amieiros, corría cara o camiño e miraba ó lonxe cos ollos nadando na esperanza, e as bágoas facían regos no campo ermo da súa face. E víase ó lonxe a poeira que arrastraba o coche das nove. E ela miraba ó ceo e miraba á terra pero o coche pasaba rente dela e o pó mesturábase coas bágoas e desaparecía logo de irse facendo pequeno, pequeno tras da derradeira raiola de sol. E voltaba soia, co paso foupeiro a sentarse na cadeira ó carón da fenestra ate anoitecer.

Pero a noite non alonxaba nin esquecía a mágoa e a lúa cantaba na fraga cancións de outros tempos, e, os fríos do inverno chegaron cedo, e, o vento do norte batía xa contra os tellados das casas, e, polas regandixas das portas víase a luz do fogar e saía por elas o cheiro das mans cansas ó carón do lume. Cando o pobo xa dormía, alustraba no ceo, e, as chuvias do inverno borraron as pegadas que un ano -fai xa moitos, moitos vranquedaran espetadas nas pedras da rúa.

E chegou outro, morreron as neves, floreceron os campos, creceron os nenos e o aire quente troixo os primeiros cantos da xente nas eiras. E saíu ela, xa non era a mesma; os loiros cabelos eran agora blancos, a figura dereita era agora grosa e torta, a vida comenzaba a morrer no brilo turboento dos seus ollos, os seus pasos arrastraban tras dela centos de días arroupados de esperanza que agora, pouco a pouco comenzaba a agoniar... e saiu soia, e foi paseniño recorrendo a rúa até chegar ó camiño. O camiño, agora estaba pintado de morte, cuberto de asfalto, moito mais grande que o vello camiño de fai anos.

Esperou sentada nas pedras aconchegadas nun lado até que víu ó lonxe dúas luces na penunbra do atardecer, era o coche das nove. E mirou ó ceo, e mirou á terra. O coche parou rente dela e as bágoas fixéronse estrelas no ceo escuro da súa face; do coche baixaron dous homes, un crego e a Rosiña, que viña de vacacións. E pensou, xa está moza.

E voltou soia, co paso foupeiro para chegar á casa, sentarse na cadeira ó carón da fenestra e esperar ó inverno. E co rostro serio e o corpo enxoito, sentouse tras dos cristais até anoitecer.

Cristalina López Rodríguez

Xosé Chao Rego

Se é que vallo...

Deus non vén nin vai -é un dicirpolo que, cando no número 218 deste noso semanario e mesmo a carón desta sección vexo unha despedida ó profesor Tierno Galván cun "Deus te vaia", calculo que non se trata do verbo ir, senón do verbo **valer** e, polo mesmo debería ser "Deus te **valla**".

Recordo, cando neno, que un amigo da casa tiña que se operar e dicíalle a meu pai: "se é que vallo"; cousa que nos facía rir, porque o paisano era da aldea, mesmo da montaña. E agora resulta que os señoritos vilegos poñemonos a falar coma eles e aínda lles queremos dar leccións, corrixíndoos. ¡Sómo-lo diaño!.

Se do latín "valeo" sae **vallo,** da segunda persoa "vales". ¿Por que? porque ese E resulta ser un iode (i) que palatalizou a consoante anterior (coma do latín "video" sae o galego **vexo** ou de "teneo" **teño**), fenómeno moi frecuente. **Vallo, vales, vale...,** pero no presente de subxuntivo mantense sempre o iode e, polo mesmo, é: **valla, vallas, valla...**

Quero recordar que para hoxe estaba prometido un comentario sobre unha frase da semana anterior. A frase évos esta: **"Vendo a televisión, escoitei que, nun filme, unha rapaza dicíalle ó home".** A semana que vén volveremos a ela; mentres tanto ide pensando onde pode estar o punto de discusión. ¿Vale? Pois que Deus vos valla, e tamén que vos vaia inspirando.

Panfleto de Benxamin Franklin, Presidente USA

NOTAS ACERCA DOS SALVAXES DE NORTE AMERICA

Franklin escribiu: durante a firma do Tratado de Lancaster, en Pensilvania, no ano 1744, entre o Goberno de Virxinia e as Seis Nacións, os comisionados de Virxinia fixéronlles saber ós indios que existía en Williamsburg un colexio provisto de fondos para a educación da mocidade india, e que se os xefes das Seis Nacións enviaban media ducia dos seus fillos a ese colxio, o goberno encargaríase de que recibisen todo o necesario e de que fosen instruídos en toda a aprendizaxe da xente branca.

O portavoz indíxena respondeu: sabemos que vós estimades en alto grao o tipo de aprendizaxe que se ensina neses colexios, e que o mantemento dos nosos rapaces durante o tempo que estivesen entre vós habíavos resultar custosísimo. Nós estamos convencidos, polo tanto, de que mediante a vosa proposición desexades facernos ben e agradecémosvolo de todo corazón.

Pero vós, que sodes sabios, debedes saber que nacións diferentes teñen distintos conceptos das cousas, e polo tanto non tomaredes por impropio o que as nosas ideas acerca dese tipo de educación non sexan as mesmas cás vosas.

Tivemos unha boa experiencia diso; varios dos nosos mozos educáronse formalmente nos colexios das provincias norteñas; instruíronos en tódalas vosas ciencias, pero cando volveron a nós, eran malos corredores, ignoraban tódolos medios de vivir nos bosques, eran incapaces de soportar xa fóra o frío e a fame, descoñecían o modo de construír unha chouza, ou como atrapar un veado ou como defenderse dun enemigo: falaban a nosa lingua con imperfección, e non estaban preparados para seren cazadores nin guerreiros nin conselleiros; en definitiva, que non servía absolutamente para nada.

Sen embargo, non nos sentimos menos obrigados polo voso xeneroso ofrecemento, aínda que declinamos aceptalo, e para demostrárvo-la nosa gratitude polo mesmo, se os cabaleiros de Virxinia nos envían unha ducia dos seus fillos, nós cuidaremos da súa educación, instruirémolos en todo canto sabemos e faremos deles homes.

CANTAR DO IRIMEGO

No arquipélago austral
hai un "punto filipino"
a quen agora derrota
dona Corazón Aquino.

Ese dictador que é Marcos
mandoulle o home matar,
e agora chegoulle a hora
cando foron a votar.

Pero cústalle saír,
deixar de enche-lo bandullo,
e nas urnas houbo fraude,
violencia e chanchullo.

Xa que vai de dictadores,
sorprende o que hai que ver:
Norteamérica apoiando
desde sempre, a Duvalier.

En Haití reina a miseria
e a dictadura cruel,
pero os ianquis teñen medo
ó seu veciño: Fidel.

Por comenencia, o Reagan
botouno da súa illa,
e agora anda pensando
a quen pon na súa silla.

EDITA: Empresa Periodística A. IRIMIA
DIRECTOR: Victorino Pérez Prieto, Lagoa-Abadín (Lugo)
MESA DE REDACCION: Daniel López Muñoz, Alfonso Blanco Torrado, Manolo Regal, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña
RESPONSABLES E COLABORADORES: Xosé A. Miguelez, Ramón Raña, Xosé Manuel Carballo, Xosé Chao e Grupo de Santiago, Paulino Pérez-Mendaña, Vanguardia Obreira, Matilde Vázquez, Pablo Rodríguez ("Oitabén"), Primitivo Iglesias, Colectivo "A Rella", MECG, XOC, Esmorga
DISTRIBUE: Mosteiro do Cister, Sobrado dos Monxes (Coruña)
SECRETARIA E ADMINISTRACION: Apdo. 5, Vilalba (Lugo). Tlfn. 982 - 528080
CONTA na Caixa de Aforros de Galicia, Vilalba, n. 04950/0. DEPOSITO LEGAL C-1417-81
A imprenta non se fai responsable dos erros cometidos nos artículos
Impreso en GRAFICAS BAO.- Clérigos, 25 LUGO